




Os Bolechas

© TM

guias

PEPE CARREIRO

VAN AO CAAN



Entra na nosa web e faite do club!

Terás vantaxes especiais, descontos, agasallos e poderás acceder aos divertidos xogos dos Bolechas.

www.osbolechas.com

Podes informarte de todo o que acontece na familia Bolechas no noso **teléfono**



902 18 20 10

Os Bolechos^{® TM}


guías

PEPE CARREIRO



VAN AO CAAN

Tomé está a xogar cos Bolechas na casa destes. Tomé é moi cariñoso cos cans e fíxose moi amigo de Chispa e Chispa del. –Oe, Chispa, queres vir comigo ao cine este sábado? –pregunta o neno. –A Chispa non lle gusta o cine, Tomé. Unicamente as folerpas de millo, gha, gha... –dille Pili.




Tomé volve á súa casa á hora de xantar e fala cos pais na sobremesa.

–Mami, papi, quero ter unha familia máis grande. Somos só tres nesta casa.

–Entón, queres ter unha irmanciña, Tomé? Ou un irmanciño? –pregúntalle a nai.

–Quero un can. Os Bolechas tamén teñen un –di el.



–Si, podemos aumentar a familia. A nós tamén nos gustan os cans –din os pais.
–Que ben! Co can seremos entón catro na casa –ponse o Tomé.
–Pero un can non é un xoguete, Tomé. Se traemos un can, temos que coidalo, levalo de paseo, xogar con el...
–Cóidoo eu, mami e papi. Fágome eu cargo do can.



Tomé e os pais van buscar un can ao [Centro de acollida e protección de animais abandonados de Armenteira](#).

–Neste centro acollen os cans que abandonan os seus donos. Hai moitos cans abandonados –di o pai de Tomé.

–O que nós acollamos non o imos abandonar nunca, papi –contéstalle Tomé, todo serio.

O Centro de acollida e protección de animais abandonados de Armenteira está xestionado pola Deputación de Pontevedra.



A veterinaria Sonia é unha das persoas que coidan os cans do centro de acollida. Ela móstralle os cans a Tomé e explícalle que foron abandonados polos seus donos. –Pois quero levalos todos á miña casa –di Tomé, entusiasmado. –Non, Tomé, só podes levar un. Todos non os poderías coidar –explícalle a veterinaria.



Un can achégase a Tomé e ponse a lambelo. É cariñosísimo. Tomé e os pais encariñanse no momento con el.
–Chámase Lambón, é un can de palleiro. Os cans de palleiro gardan moi ben a casa e saben guiar as vacas, ghe, ghe... A Lambón abandonárono os donos. Non está ben abandonar os cans, porque os cans son parte da familia –di Sonia.



Tomé quere levar a Lambón. E os pais tamén. Xa se encariñaron con el. Polo visto, este can de palleiro vai ser o novo membro da familia.

–Xa sei porque se chama Lambón...

Porque non para de lamber, gha, gha... –ponse o Tomé.

–Si, gústalle moito dar bicos. As lambedelas son os bicos dos cans –di Sonia.



Tomé pode levar a Lambón, mais a veterinaria Sonia failles saber a el e aos pais que un can non é un boneco de peluche.

–Podedes levalo, pero tendes que coidalo, levalo ao veterinario cando estea enfermo, darlle moito cariño...

Tomé e os seus pais aceptan. Eles van tratar a Lambón como un membro máis da familia.



Antes de saír Lambón do centro de acollida, a veterinaria Sonia ponlle un *chip*. –Este *chip* leva un número que identifica a Lambón. Así, se se perde, pódese saber quen é o dono. O chip ten o tamaño dun gran de arroz e póñollo debaixo da pel do pescozo. Non lle doe nin lle molesta.



Agora a veterinaria Sonia desparasita a Lambón e ponlle as vacinas. A Tomé dálle un pouco de grima ver a xiringa. A el non lle gusta moito que o piquen. E a Lambón seica tampouco. Pero a desparasitación e as vacinas son para que non se lle apeguen enfermidades contaxiosas.



A veterinaria Sonia leva a Lambón ao salón de peiteado para que saia guapo do centro de acollida.


–Queres que lle faga un peiteado *punk*? –pregúntalle o peiteador a Tomé.

–Non, gústame máis así, co pelo liso. Un can de palleiro co pelo *punk* está moi raro.



Lambón xa está na casa de Tomé. Agora son catro na familia. Puxéronlle unha caseta no balcón, unha comedeira e unha cunca con auga.

–Eu vou ser o encargado de darche a comida, Lambón. Proba estas boliñas de penso, a ver se che gustan –dille Tomé ao can.



Os Bolechas e Tomé van pasear cadanseu can ao parque. Os Bolechas levan a Chispa e Tomé a Lambón.

–Oe, Tomé, por que se chama Lambón o teu can? –pregunta Sonia.

–Porque non para de dar bicos. As lambedelas son os bicos dos cans, gha, gha...



Os cans tamén son da familia. Por iso temos que...



Darlles de comer e beber.



Darlles moito cariño.



Reservarlles un lugar cómodo na casa.



Levalos de paseo e xogar con eles.



Desparasitalos e vacinalos.



E levalos ao veterinario cando o precisen.

Estas son a razas de cans que máis abundan no centro de acollida:



Beagle



Boxer



Can de palleiro



Grifón



Pastor alemán
e pastor belga



Pequínés



Podenco



Teckel

Marca o que penses que está ben:

- | | |
|---|---|
| ☐ 1. Temos que coidar o noso can toda a vida. | ☐ 7. Ao noso can temos que darlle moito cariño. |
| ☐ 2. Temos que coidar o noso can até que nos cansemos del. | ☐ 8. O noso can non precisa cariño, porque é un animal. |
| ☐ 3. Debemos de abandonar o noso can cando se porte mal. | ☐ 9. Debemos de vacinar o noso can para que non enferme. |
| ☐ 4. Non debemos de abandonar nunca o noso can. | ☐ 10. Os cans non se vacinan. As vacinas son só para as persoas. |
| ☐ 5. O noso can é un xoguete coma un oso de peluche. | ☐ 11. Debemos de levar o noso can de paseo unha vez ao ano. |
| ☐ 6. O noso can é un ser vivo. Non é un xoguete. | ☐ 12. Debemos de levar o noso can de paseo todos os días. |

MAPA DE SITUACIÓN DO CENTRO DE ACOLLIDA E PROTECCIÓN DE ANIMAIS ABANDONADOS



os bolechas

PEPE CARREIRO



Carlos



Loli



Pili



Braulio



Sonia



Tatá



Chispa



Mamá Bolechas



Papá Bolechas



Avoa materna
Balbina



Avó materno
Marcelo



Avoa paterna
Flora



Avó paterno
Emiliano

Síguenos nas redes sociais!



www.
facebook.com
/osbolechas



www.
twitter.com
/osbolechas



www.
youtube.com
/osbolechas



Os BolechasTM

PEPE CARREIRO

guías



VAN AO CAAN

Tomé é un veciño dos Bolechas moi amigo dos cans. É tan amigo dos cans que vai buscar un cos seus pais ao Centro de acollida e protección de animais abandonados de Armenteira. Lambón, un can de palleiro moi beixador, vai ser o novo membro da familia de Tomé.



Deputación
Pontevedra



caan
CENTRO DE ACOLLIDA E
PROTECCIÓN DE ANIMAIS



9 788461 719532